ANEXO III

Modelo de planificación didáctica

CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE / NÚMERO DE CURSO: FMEC0109 – PRODUCIÓN EN CONSTRUCIÓNS METÁLICAS

DURACIÓN DO CERTIFICADO: 490 DATAS DE IMPARTICIÓN: 01/06/2020 – 19/10/2020
CENTRO DE FORMACIÓN: CIFP Santiago
DIRECCIÓN: Rúa San Paio do Monte LOCALIDADE: Santiago PROVINCIA: A Coruña

PLANIFICACIÓN DIDÁCTICA DO CURSO COMPLETO

MÓDULOS DO CERTIFICADO	HORAS DO MÓDULO	UNIDADES FORMATIVAS (UF)	HORAS UF	DATAS DE IMPARTICIÓN
MF1151_3: Procesos de mecanizado e conformado en construcións metálicas	100	UF0866: Documentación técnica para o trazado, mecanizado e conformado.	50	01/06/20 – 12/06/20
		UF0867: Procedementos de fabricación para o mecanizado e conformado en construcións metálicas.	50	15/06/20 – 29/06/20
MF1152_3: Procesos de unión e montaxe en construcións metálicas	100	UF0868: Documentación técnica de unión e montaxe en construcións metálicas.	30	30/06/20 – 07/07/20
		UF0869: Procedementos de fabricación en procesos de unión e montaxe en construcións metálicas.	40	08/07/20 – 20/07/20
		UF0870: Procedementos de unión homologados en construcións metálicas.	30	21/07/20 – 28/07/20
MF1153_3: Programación de sistemas automáticos en construcións metálicas	90		90	29/07/20 – 21/08/20
MF0592_3: Supervisión e control de procesos de fabricación mecánica	120	UF0178: Organización en procesos de fabricación mecánica.	30	24/08/20 – 31/08/20
		UF0179: Control e supervisión nos procesos de produción e mantemento mecánico.	60	01/09/20 – 16/09/20
		UF0180: Prevención de riscos laborais e protección do medio ambiente en procesos de fabricación mecánica.	30	17/09/20 – 24/09/20

HORARIO:	MAÑÁ:	09:00-14:00	TARDE:	

MÓDULO DE FORMACIÓN PRÁCTICA NOS CENTROS DE TRABALLO	HORAS DO MÓDULO	DATAS DE REALIZACIÓN
MP0180: Módulo de prácticas profesionais non laborais	80	25/09/20 – 19/10/20

As datas de impartición estarán actualizadas no momento no que se efectúe a comunicación de inicio das accións formativas á administración competente.

Identificación da E: E1: Prevención de riscos laborais en procesos de fabricación mecánica: introdución á normativa, identificación e avaliación de riscos, medidas de prevención e corrección, e actuacións en caso de accidente.	**IDENTIFICACIÓN ACCIÓN FORMATIVA:** FMEC0109 / Produción en construcións metálicas **Docente:** Rubén Mayo Giraut		
Duración 20 horas	**Método de traballo**	**Teórico** X	**Práctico** X
Obxectivos: C1: CE1.1, CE1.3, CE1.4:a-b-c, CE1.5	**Contidos:** Prevención de riscos laborais en procesos produtivos de fabricación mecánica: - Factores de risco. - Medidas e técnicas xerais de prevención e protección. - Análise, avaliación e proposta de actuacións. - Análise, causas de accidentes e prioridades e secuencias de actuación en caso de accidentes. - Medidas correctivas. - Normativa vixente de aplicación.		

ACTIVIDADES DO ALUMNADO:	**Día e duración global e por cada unha**	**Actividades da persoa docente**	**Duración global**
Iniciación e coñecementos previos: coñecerse, descubrir expectativas e experiencias	Día 1: 1h	- Execución da programación e adaptación á realidade da aula. - Proposta de retos, actividades, preguntas. - Avaliación. - Dirección de dinámicas e debates. - Exposición interactiva de contidos. - Identificación e posterior desactivación de roles. - Creación dunha comunidade de aprendizaxe favorecendo o bo clima grupal. - Orientación laboral. - Control da comprensión. - Repetición de conceptos para fixar o importante.	3 h
Investigación de normativa PRL	Día 1: 2,5h		
Elaboración dun documento de avaliación dun posto de traballo: identificación de riscos e de medidas de prevención en procesos de fabricación mecánica.	Día 2: 2,5h		
Explicación en público dos traballos. Comunicar os riscos e as medidas.	Día 2: 1,5h		
Identificación de casos prácticos de situacións de risco.	Día 3: 1,5h		
Dinámica: Comunicación de accidente.	Día 3: 0,5h		
Realización dun manual de actuación ante un accidente. En grupo.	Día 3: 1,5h Día 4: 1,5h		
Simulacións de accidentes. Aplicación dos manuais.	Día 4: 1h		
Síntese.	Día 4: 0,5h		
Proba da E1.	Día 4: 1 h		

Recursos: Presentación de diapositivas Páxinas web Material oficina Material impreso seleccionado	**Breve descrición da proba que contará para o 30%** O alumno contestará un test de preguntas sobre normativa PRL. Identificará nun proceso de fabricación mecánica os factores de risco e propoñerá as medidas preventivas para evitar un accidente.

3. TAREFA A REALIZAR UNHA VEZ ENTREGADA O RESTO DA PROBA:

PARTE PRÁCTICA

4 puntos [C3 e C4]

1.Contratáronche para impartir un certificado de profesionalidade da túa especialidade e tes que enviar a Planificación Didáctica, comezará o 1 de xuño de 2020 en Santiago de Compostela (0,5 puntos).

2. Superaches xa 2 fases dun proceso de selección para impartir un certificado da túa especialidade. Xa entregaches o ANEXO IV e agora pídenche que entregues a temporalización dunha das "E" que incluíches en dita programación no modelo facilitado pola docente. Facilítanche un documento que has de cubrir sen pasarte dunha folla (Avaliarase a C4). Valorarán o seguinte:

- **Recheo correcto dos datos (identificación da acción formativa, MF, duración, número de E... [0,5]).**
- **Bloques de contidos adecuados ao logro de obxectivos (vincular contidos a C/CE [0,5]).**
- **Actividades variadas adecuadas ao logro dos obxectivos [1,5].**

3. A continuación terás que elixir unha das actividades do documento e desenvolvela segundo modelo que segue [1]:

DENOMINACIÓN: Elaboración dun documento de avaliación dun posto de traballo: identificación de riscos e de medidas de prevención en procesos de fabricación mecánica.		**Individual** ☐ **Grupal** X
DURACIÓN: 2,5h		
OBXECTIVOS OPERATIVOS		
Conceptuais	**Procedimentais**	**Actitudinais**
- Coñecer os distintos tipos de riscos laborais existentes (CE1.4.b)	- Utilizar a técnica de avaliación de riscos laborais: identificación, avaliación e prevención/corrección.	- Identificar riscos e situacións de perigo nos postos de traballo que debe supervisar.

- Describir medidas preventivas e correctivas. (CE1.4.c)	(CE1.4.b) - Empregar ferramentas de búsqueda de información sobre riscos laborais.	(CE1.4.b) - Aplicar medidas preventivas. - Traballar en equipo.
CONTIDOS: Factores de risco máis comúns. Medidas e técnicas xerais de prevención e protección. Análise, avaliación e proposta de actuacións.		
DESENVOLVEMENTO: Tras unha breve presentación de diapositivas sobre os factores de risco presentes en procesos de fabricación mecánica e as medidas de prevención para evitar, formaranse 5 grupos de tres. Cada un deles asignaráselle un posto de traballo a analizar. O grupo terá que buscar información sobre os distintos procesos que realiza un/ha traballador/a no seu posto de traballo e analizar os riscos aos que pode verse sometido/a. En función deses riscos terá que propoñer medidas de actuación para evitar ou reducilos. Este traballo deberá facerse nun mural para despois expoñelo ante o resto de grupos (seguinte actividade).		
RECURSOS DIDÁCTICOS: Presentación de diapositivas, páxinas web, material de oficina: cartulina, material de escritura.		